



Santiago de Compostela, 13/04/2009.

Estimado compañeiro/a:

A Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria (AGEFEC), ten entre os seus obxectivos mellorar a capacitación científica dos enfermeiros de Atención Primaria para ofertar aos usuarios uns coidados baseados na mellor evidencia científica e no rigor metodolóxico. Neste contexto está a realizar unha serie de actividades formativas, entre as programadas para a primeira metade deste ano atópase un

"OBRADOIRO DE VALORACIÓN DE ENFERMERÍA DO PÉ DIABÉTICO"

Dito obradoiro, de **8 horas** de duración, levarase a cabo os días **6 e 7 de maio** do presente ano en **Ribeira (A Coruña)** no salón de actos da Casa do Mar ao lado do Centro de Saúde, está dirixido a enfermeiros e enfermeiras preferentemente de atención primaria (25 prazas), e **ten solicitada a acreditación no Sistema Acreditador da Formación Continuada das Profesións Sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia.**

O obxectivo xeral deste Obradoiro é *"Actualizar coñecementos e habilidades para facer a valoración do pé diabético cós instrumentos dos que se dispón nas Unidades e Servizos de Atención Primaria"*.

A **inscrición é gratuíta** e pódese levar a cabo descargando o boletín de inscrición da páxina web da AGEFEC www.agefec.org e unha vez cuberto hai que remitilo antes do 4 de maio a seguinte dirección:

Dona Mª Esther Tejo Villamor
Centro de Saúde de Ribeira
Rúa dos Mariñeiros, s/nº
Telefono: 981835202
C.P.:15960
Ribeira (A Coruña)
Ou por FAX: 981 875081

Asinado: Dona Isabel Veiguela Martínez
Presidenta da AGEFEC